

## **II Resolución da Xuventude Comunista na Conferencia Galega de Medio Rural**

Dende fai décadas, imos vendo como os nosos montes se van convertindo en campos ou “selvas” de plantacións de eucalito e outras especies alóctonas.

Os montes galegos tradicionalmente servían para alimentar ó gando e ó campesiñado galego obtendo recursos como o toxo que permitían o abono necesario para o cultivo das terras.

Coa implantación do “monocultivo” forestal, non só perdemos superficie agraria útil, e biodiversidade, senón que a clase traballadora galega perde a posibilidade de acadar a soberanía alimentaria, unha ferramenta indispensable para a liberación da nosa clase.

A plantación de especies foráneas para o uso industrial trae tamén consigo prácticas medioambientais moi daniñas para a natureza e para os e as habitantes do medio rural.

Para favorecer o crecemento de estas especies, os grandes monopolios do sector -como ENCE ou Finsa- non dubidan en fumigar os nosos montes con produtos químicos do grupo Monsanto, altamente daniños para o medio ambiente e para a produción agraria tradicional.

Estas fumigacións indiscriminadas e sen ningún control sanitario supoñen grandes perdas a sectores como a apicultura, sectores non profesionalizados pero que serven como complemento de renda actualmente a unhas 10.000 familias no medio rural galego.

As fumigacións provocan a desorientación das abellas e dificultan a polinización, reducindo pois a biodiversidade e unha diminución das colmenas, coas perdas económicas que xera no sector.

Dende a XC opoñémonos ás prácticas abusivas da patronal do sector forestal e ás fumigacións con produtos químicos dos nosos montes, e apostamos por un modelo de xestión forestal en

base ás necesidades da clase traballadora e non ós intereses da patronal forestal de ENCE e FINSA.

